



plataforma  
de infancia  
españa

Proceso participativo  
“Infancia e pobreza”



# ÍNDICE

Proceso participativo  
“Infancia e pobreza”

## 01

Introdución	3
1.1. Sobre a Plataforma da Infancia	3
1.2. Sobre o proceso participativo “Infancia e pobreza”	3

## 02

Presentación das actividades “Infancia e pobreza”	4
2.1 Sobre os materiais de traballo	4
2.2 Sobre as actividades	5
a) Como e cantas actividades temos que facer?	5
b) Como recolle-las opinións das mozas e mozos?	6
c) Como facer chega-las opinións, conclusións e propostas das mozas e mozos á Plataforma da Infancia?	6
d) Que se fai coas conclusións?	6

## 03

Cadro resumo de actividades	7
6 a 8 anos	7
9 a 12 anos	8
13 a 17 anos	9

## 04

Preguntas frecuentes	10
----------------------	----

Edita: Plataforma de Infancia  
C/ Escosura 3, local 2, 28015 MADRID  
T. 91 447 78 53 - info@plataformadeinfancia.org

Elabora: Ana Isabel García Lamas y Ana Lamata Carrasco.

Coordina: Mabel Taravilla Herrera.

MAIO 2023

Os dereitos da publicación son dereitos compartidos, de modo que calquera persoa é libre de copiar, distribuír e comunicar a obra, sempre que se recoñezan os créditos do editor e non se utilice con fins comerciais ou contrarios aos dereitos dos nenos e das nenas.







# ➔ 01 INTRODUCCIÓN

## ➔ 1.1 Sobre a Plataforma da Infancia

A [Plataforma da Infancia](#) é unha rede de máis de 70 organizacións de infancia coa misión de promover, protexer e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

A través da estratexia [A Infancia Opina](#), a Plataforma de Infancia recolle e sistematiza as opinións, propostas e demandas dos nenos e nenas, froito dos procesos de participación infantil.

Estas demandas convértense nas reivindicacións que a Plataforma da Infancia fai chegar ás autoridades e organismos responsables das políticas que poidan afectar á infancia e á adolescencia no eido nacional e internacional.

Eleva-la voz dos nenos e nenas é parte do marco de traballo da Plataforma da Infancia e cumpre cun dos principios fundamentais da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#): a participación infantil.

## ➔ 1.2 Sobre o proceso participativo “Infancia e pobreza”

Como parte das accións a desenvolver pola Plataforma da Infancia en relación á promoción de iniciativa para loitar contra a pobreza infantil e a exclusión social, propónse o desenvolvemento dun proceso de participación infantil a través do que se recollan opinións e propostas sobre a situación da pobreza e a desigualdade de oportunidade da infancia en España.

O **principal obxectivo** deste proceso é coñecer a visión que teñen as mozas e mozos sobre o impacto da pobreza e a desigualdade na infancia e a adolescencia. O proceso pretende facilitar a súa participación como cidadás e cidadáns, que a súa voz sexa tida en conta no desenvolvemento de políticas públicas, e que estas partan das súas propostas.

Este proceso está dirixido a grupos de nenas, nenos e adolescentes de diferentes entidades que queiran participar aportando as súas opinións e propostas.

Para participar, hai que inscribirse neste [formulario](#).





# 02 PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DO PROCESO “INFANCIA E POBREZA”



## 2.1 Sobre os materiais

Na web [www.infanciaypobreza.org](http://www.infanciaypobreza.org) atópanse tódolos materiais necesarios para realizar esta consulta participativa:

- ➔ Esta **guía explicativa** para coñecer o proceso completo.
- ➔ As **fichas de actividades** para traballar con mozas e mozos, que pretenden ser un apoio ós equipos educativos na tarefa de xerar espazos de reflexión e propostas.

Estas fichas están clasificadas en 4 bloques temáticos e, dentro de cada un deles, atópanse adaptadas por franxa de idade.

Os grupos participantes só teñen que elixir o bloque ou actividade que lles interesa traballar e acceder ós materiais acordes á franxa de idade no seu alcance específico.

➔ **Sesións informativas tipo webinar para equipos educativos** que queiran coñecer en que consiste o proceso e como traballar cos materiais. Estas sesión terán lugar en diferentes días e horarios ó longo do mes de xuño para facilitar a asistencia. Para recibir instrucións de conexión para cada reunión é imprescindible se inscribir a través deste [formulario](#), que tamén se atopa na web.

➔ **Obradoiros presenciais** para grupos inscritos no proceso e que así o soliciten no formulario de inscrición. Realizaranse de xeito presencial cos grupos e estarán impartidos por persoal especializado nas datas que se acorden con cada grupo. A realización de obradoiros queda supeditada ó interese amosado a través do formulario de inscrición, e a asignación final por parte do equipo de coordinación.



## ➔ 2.2 Sobre as actividades

### A. Como e cantas actividades hai que facer?

As actividades divídense en **4 bloques temáticos** que abordan diferentes eidos da vida dos mozos e mozas sobre as que a situación de desigualdade e pobreza impactan de xeito máis visible:



Para cada un dos bloques temáticos hai deseñada 1 actividade adaptada ós seguintes **tramos de idade**:

- ➔ 6 a 8 anos
- ➔ 9 a 12 anos
- ➔ 13 a 17 anos

Cada actividade é independente e pode ser realizada de xeito illado. Os grupos poden decidir se realizan unha, dúas, tres ou as catro actividades propostas.

Tódalas actividades baséanse nunha metodoloxía lúdica e están deseñadas para que o grupo participante poida seguir a lóxica “observar, opinar e propor” como recorrido natural das mesmas.

As actividades explícanse a través de fichas que inclúen toda a información necesaria para podelas poñer en práctica:

- ➔ Tramo idade (diferenciadas por cor)
- ➔ Título
- ➔ Eido/tema
- ➔ Finalidade (tipo de actividade)
- ➔ Duración
- ➔ Materiais
- ➔ Obxectivo
- ➔ Desenvolvemento
- ➔ Preguntas para a reflexión
- ➔ Suxestións para a actividade
- ➔ Ligazón a formulario subido de conclusións

Para incluír o enfoque de dereitos da infancia nas actividades incorporáronse diferentes artigos da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) que fan referencia ó eido sobre o que se traballa en cada actividade, entendendo que a situación de pobreza e desigualdade afecta ó cumprimento dos dereitos da infancia.





## B. Como recolle-las opinións e propostas das mozas e mozos?

Cada equipo educativo será o que se encargue de recoller e organizar as opinións dos mozos e mozas e incorporalas no [formulario de conclusións](#) que atoparedes na web [www.infanciaypobreza.org](http://www.infanciaypobreza.org), sempre respectando as ideas expresadas polos mozos e mozas.

Para facilitar a recollida de conclusións, no apartado do mesmo nome da ficha de actividade, inclúense unha serie de preguntas co obxectivo de facilitar o debate e a participación do grupo.

O equipo educador pode ir recollendo notas durante o desenvolvemento da actividade co obxectivo de non perder información importante e redactar, trala finalización da mesma, as conclusións.

## C. Como facer chega-las opinións das mozas e mozos á Plataforma da Infancia?

As conclusións recollidas serán subidas só e exclusivamente a través do [formulario](#) accesible dende a web [www.infanciaypobreza.org](http://www.infanciaypobreza.org)

Os apartados e preguntas a responder no formulario de conclusións serán os mesmos que se inclúen no apartado **conclusiones** das fichas de actividades, e inclúen as seguintes cuestións de cada unha das actividades dos 4 bloques:

- ➔ Que viches/que sabes
- ➔ Que pensas
- ➔ Que propós

Recoméndase ter preparada a información nun documento aparte para que, no momento no que os equipos educadores a deban envorcar no formulario de conclusións, unicamente procedan a copiar e pegar.



## D. Que se fai coas conclusións?

Unha vez recollidas tódalas conclusións, dende a Plataforma da Infancia realizarase un traballo de sistematización co obxectivo de organizalas de xeito ordenado e claro, respectando as opinións literais aportadas polos mozos e mozas.

Unha vez realizada esta sistematización elaborárase un material que recollerá as conclusións principais e que será difundido durante o derradeiro trimestre de 2023.



# 03 CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

**6 A 8 ANOS**

 TÍTULO	 OBXECTIVO	 TIPO / TÉCNICA	 DURACIÓN	 MATERIAIS
 Bens de primeira necesidade	<b>“Recortables”</b> Analizar cales son os bens de primeira necesidade, como a falta dalgúns deles condiciona a vida da infancia e a adolescencia en situación de pobreza ou vulnerabilidade e propor solucións.	Dramatización con recortables	50´	Ficha anexa (personaxes recortables). Ficha anexa (utensilios recortables). Papel continuo. Rotuladores.
 Educativo	<b>“Equipo de investigación”</b> Dar a opinión e investigar sobre o que pensan outras persoas sobre diferentes aspectos da educación, como inflúen as situacións de pobreza infantil e adolescente na igualdade de oportunidades educativas e propor melloras.	Cuestionario a persoas da contorna.	50´	Ordenador con conexión a internet. Ligazón de vídeos propostos. Ficha anexa (modelo caderno de notas). Papel continuo. Rotuladores de cores. Bolígrafos/lapiseiro.
 Ocio e cultura	<b>“Debuxando ocio”</b> Reflexionar sobre que condiciona as posibilidades de ocio e cultura entre a poboación infantil e adolescente e nas contornas onde se desenvolve a súa vida e propor solucións.	Facer debuxos.	50´	Ficha anexa 1 (marco debuxos). Folios. Lapiseiros. Pinturas.
 Sanitario	<b>“Stop á falta de saúde”</b> Reflexionar sobre como as situacións de pobreza na infancia e a adolescencia dificultan o acceso ós recursos sanitarios, que condiciona que non haxa igualdade de oportunidades para todo o mundo e propor solucións.	Xogo de persecución tipo “stop” ou “tulipán”	50´	Follas de papel Rotuladores grosos. Post-it de cores. Bolígrafos ou lapiseiros. Cadeiras (1 por recurso sanitario do que se fale).



# 03 CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

9 A 12 ANOS







	 TÍTULO	 OBXECTIVO	 TIPO / TÉCNICA	 DURACIÓN	 MATERIAIS
 Bens de primeira necesidade	<b>“E se...?”</b>	Analizar cales son os bens de primeira necesidade, como a falta dalgúns deles condiciona a vida da infancia e a adolescencia en situación de pobreza ou vulnerabilidade e propor solucións.	Role playing.	50´	Papel continuo. Rotuladores.
 Educativo	<b>“Entrevista ó teu colexio”</b>	Dar la opinión e investigar sobre lo que piensan outras personas sobre diferentes aspectos de la educación, cómo influyen las situaciones de pobreza infantil y adolescente en la igualdad de oportunidades educativas y proponer mejoras.	Entrevistas a persoas da comunidade educativa.	<b>Actividade dividida en varias sesións, xa que é preciso facer entrevistas.</b>	Ordenador con conexión a internet. Ficha anexa (modelo caderno de notas). Bolígrafos/lapiseiro. Papel continuo. Rotuladores de cores.
 Ocio e cultura	<b>“Viñetas de ocio”</b>	Reflexionar sobre que condiciona as posibilidades de ocio e cultura entre a poboación infantil e adolescente e nas contornas onde se desenvolve a súa vida e propor solucións.	Facer guión e debuxar tira de cómic	50´	Ficha anexa (marco viñeta cómic). Folios. Bolígrafos. Cámaras de fotos. Impresora. Rotuladores. Fita adhesiva.
 Sanitario	<b>“Carreira de obstáculos para a saúde”</b>	Reflexionar sobre como as situacións de pobreza na infancia e a adolescencia dificultan o acceso ós recursos sanitarios, que condiciona que non haxa igualdade de oportunidades para todo o mundo e propor solucións.	Camiño de obstáculos.	50´	Follas de papel. Rotuladores grosos. Fita adhesiva. Post-it de cores Bolígrafos ou lapiseiros. Obxectos que sirvan de obstáculo: cadeiras, cordas, conos, etc.





# 03 CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

13 A 17 ANOS

	 TÍTULO	 OBXECTIVO	 TIPO / TÉCNICA		 MATERIAIS
 Bens de primeira necesidade	<b>“Escenas en construción”</b>	Analizar cales son os bens de primeira necesidade, como a falta dalgúns deles condiciona a vida da infancia e a adolescencia en situación de pobreza ou vulnerabilidade e propor solucións.	Teatro foro.	50´	Papel continuo.  Rotuladores.
 Educativo	<b>“Conversando con educación”</b>	Dar a opinión e investigar sobre o que pensan outras persoas sobre diferentes aspectos da educación, como inflúen as situacións de pobreza infantil e adolescente na igualdade de oportunidades educativas e propor melloras.	Organizar unha mesa redonda.	Actividade dividida en varias sesións, xa que é preciso organizar unha mesa redonda.	Ordenador con conexión a internet. Folios. Bolígrafos/lapiseiro. Papel continuo. Rotuladores de cores. Os materiais necesarios para a mesa redonda.
 Ocio e cultura	<b>“Con visión de cultura”</b>	Reflexionar sobre que condiciona as posibilidades de ocio e cultura entre a poboación infantil e adolescente e nas contornas onde se desenvolve a súa vida e propor solucións.	Facer guión e gravar vídeos tipo TikTok.	50´	Folios.  Bolígrafos.  Móviles.
 Sanitario	<b>“Saúde sen esquinas”</b>	Reflexionar sobre como as situacións de pobreza na infancia e a adolescencia dificultan o acceso ós recursos sanitarios, que condiciona que non haxa igualdade de oportunidades para todo o mundo e propor solucións.	Xogo das 4 esquinas	50´	Follas de papel. Rotuladores grosos. Fita adhesiva. Post-it de cores. Bolígrafos. Utensilios para dificultalo desprazamento: panos, cordas, etc.



## 04 PREGUNTAS FRECUENTES

### Cantas actividades ten que facer cada grupo para participar?

Inda que o aconsellable sería realizar tódalas actividades deseñadas para cada grupo de idade, cada grupo participante pode elixir o número de actividades que quere ou pode facer.

### Débese seguir exactamente a ficha e proposta de actividade como aparece?

Non, cada grupo pode adaptar a actividade, desenvólvela de outro xeito ou facer unha actividade propia que trate o mesmo tema elixido. A ficha está deseñada para facilitar o desenvolvemento ós equipos educadores, pero non é indispensable desenvólvela segundo ven descrita.

Tan só se deberán ter en conta as preguntas que se incorporan na ficha á hora de saber que cuestións recoller como conclusións dos grupos.

### Canto tempo levará, máis ou menos, desenvolver cada actividade?

En cada ficha de actividade se detalla a duración aproximada que se calculou. Dependendo das características de cada grupo, a preparación da propia actividade e a dinámica de grupo, esa duración pode variar.

### Como se deben facer chegar as conclusións?

Entrando na web do proceso “Infancia e pobreza” [www.infanciaypobreza.org](http://www.infanciaypobreza.org) e premendo no botón do [formulario de conclusións](#). Unicamente se poden enviar as opinións e propostas a través deste formulario.

### É imprescindible se inscribir para face-las actividades?

Si. Isto axuda a poder realizar un seguimento e acompañamento dos grupos e saber quen está implicado no proceso. Este paso é importante á hora de publicar as conclusións e contar quen participou e dende onde.

Isto non quita que as actividades sexan públicas e abertas á súa utilización por calquera colectivo ou persoa.

### Na inscrición, débense indicalos nomes das nenas e nenos?

Non, tan só se solicita como información imprescindible o nome do grupo e entidade á que pertence e as idades aproximadas das mozas e mozos.

### É posible se inscribir no webinar informativo antes de inscribir ó grupo?

Si. É posible se inscribir a través do [formulario específico](#) para isto na web e despois decidir se participar no proceso.

É importante sinalar que, se finalmente o grupo quere participar no proceso, deberá facer unha inscrición a través do [formulario de inscrición do proceso](#).

### A quen recorrer no caso de ter algunha dúbida?

En caso de consultas e dúbidas pódese contactar co equipo técnico de participación infantil da Plataforma da Infancia a través do correo electrónico:

[participacion@plataformadeinfancia.org](mailto:participacion@plataformadeinfancia.org)



# SOMOS UNHA REDE DE MÁIS DE 70 ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA







# plataforma de infancia

españa

Somos unha rede de máis de 70 organizacións de infancia coa misión de protexer, promover e defender os dereitos de nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas.

A nosa visión é alcanzar o pleno cumprimento dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes, integrando o esforzo das organizacións de infancia e de todos os axentes sociais.

## CONTACTA CONNOSCO

C/ Escosura, 3. Local 2  
28015 Madrid



[info@plataformadeinfancia.org](mailto:info@plataformadeinfancia.org)



91 447 78 53



## FINANCIA



## SÍGUENOS

[www.plataformadeinfancia.org](http://www.plataformadeinfancia.org)



@platdeinfancia



@plataformadeinfancia



@plataformadeinfancia